



CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE SOLICITUDE DE PRAZA PARA O COMEDOR CURSO 2021-2022

Seguindo o disposto na instrución 3/2021 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 1 de xuño de 2021, informamos:

Solicitudes:

Pódense recoller no centro ou na web do colexio as solicitudes do comedor para o curso 2021/22. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia ou aquel alumnado que leve escolarizado un ano no colexio.

Documentación que acompaña á solicitude:

1. Autodeclaración (Anexo II), a recoller no centro coa solicitude ou na web.
2. Os usuarios escolarizados por primeira vez no curso 2021/22 deberán presentar certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta debe ter unha antigüidade mínima dun ano.

Non precisan presentar a autodeclaración (con acreditación documental):

1. Familias en situación de exclusión social.
2. Alumnado en acollemento.
3. Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnado pertencente a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.

Número de prazas concedidas: 92

Selección de usuarios:

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia (con acreditación documental):

1. Alumnado usuario do comedor no curso anterior.
2. Alumnado en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
3. Alumnado membro de familia numerosa.
4. Incompatibilidade polo horario laboral.
5. Outro alumnado do centro, incluído o escolarizado fóra da área de influencia.
6. Persoal docente e non docente que non colabore nos labores de atención.

Criterios de desempate aprobados en Consello Escolar (con acreditación documental):

1. Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.
2. Alumnado en situación de acollemento residencial ou familiar.
3. Alumnado con irmáns/ás que solicitan o uso do comedor.
4. Orde alfabética coincidente coa correspondente ao proceso de admisión de alumnado deste ano: 1º apelido, letras "W" e "S"; segundo apelido, letras "B" e "F".

Prazos:

Entrega de solicitudes: do 29 de xuño ao 8 de xullo. Presencialmente en horario de 10:00 a 13:00 ou no **correo electrónico** ceip.asolaina@edu.xunta.gal.

Publicación listaxe provisional de admitidos: 9 de xullo.

Reclamacións: do 12 ao 16 de xullo inclusive.

Publicación listaxe definitiva: 19 de xullo.

Narón, 28 de xuño de 2021.

O Director